

Lugo, 23 de abril de 2013. O vindeiro domingo, 28 de abril, ADEGA realiza un roteiro pola montaña lucense de Becerreá, ás portas dos Ancares, dentro do **programa de roteiros da Galiza Máxica 2012-2013**. O percorrido será duns 18 quilómetros aproximadamente e discorrerá desde a aldea de Quintá de Cancelada ata a aldea de Cabana, pasando por varios pobos, fragas, soutos, vales, e ríos. Acompañaranos na nosa marcha o río Donsel. Para reservar praza é preciso chamar antes ao 982240299 ou 679113718. Descarga o CARTAZ.

Este roteiro descorrerá por fermosas paisaxes dos Ancares, nas que aínda se conserva un rico patrimonio cultural asociado a diversas lendas populares. O punto de partida será a aldea do Couso (800 m). Baixando cara ao val e bordeando o monte O Aguillón chégase a Quintá da Cancelada, que conta con interesantes elementos etnográficos. Continuando cara ao Teso das Táboas, o sendeiro lévanos pola Fraga de Valiñas e o souto do Carballal. Cruzando o río Donsal (afluente do Navia) pásase pola aldea de Sevane, na que destacan tamén algunhas construcións tradicionais, unha antiga mina, unha minicentral e unha fervenza en escada. O ascenso dende o río á aldea de Buisán lévase a cabo entre unha rica vexetación aderezada con algúns muíños e ouriceiras. Pasando pola aldea de Arroxiña, descéndese de novo ao río Donsal a través dun camiño con fermosas vistas do val do río Navia. Tas cruzar o río chégase á aldea de Cabana, na que finaliza o roteiro.

Colaborará con ADEGA na organización deste roteiro a Asociación Castiñeiro e Nogueira de Quintá de Cancelada.

SAÍDA O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h. Im prescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299.**

PREZOS

Xeral..... 15 €

Estudantes, xubilad@s e no paro…….....12 €

Soci@s..... 10 €

Ata Ata 17 anos..... ..... 5 €

PRÓXIMOS ROTEIROS

26 Maio: Xove (Pena do Fraire-Tesouros Ceranzos)

23 Xuño: Allariz (Santa Mariña de Augas Santas)

+ INFO EN: roteirosadegalugo.blogaliza.org